

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Un fantasma na ermida dos Remedios de Mondoñedo



O 4 de decembro de 1903 o xornal *El Correo de Galicia* publicaba unha nota na que daba conta da visión dun fantasma polos arredores da ermida da Nosa Señora dos Remedios, Mondoñedo (Lugo). A visión repetiuse varias noites e as testemuñas describen o fantasma como un home “*de colosal estatura, cubierto con una*

especia de túnica negra y que aparece y desaparece lanzando ayes lastimeros que llenan de pavor a los veciños de aquellos contornos”.

A garda civil fixo indagacións e inspeccionou os lugares onde se deixou ver pero sen resultado.